



Concello do Porriño

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E A ENTIDADE LUME EMPREGO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL S.L. PARA O ANO 2024.

Expte. 3576/2024

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76.907.670-V na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra,

Dona María Luz Fernández Grandal, con D.N.I.36098227A e Dona Dolores Muñiz Sanin con D.N.I. 35573533-P, Administradoras mancomunadas da entidade Lume Empleo para persoas con discapacidade intelectual S.L. e CIF nº B36982742 según consta en escritura de elevación a público de acordos sociais relativos a cese e nomeamento de administradores de data 09.05.2024, actuando no seu nome e representación, como interlocutores válidos ante as institucións e organismos oficiais, públicos e privados.

Os comparecentes , no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E acordan o seguinte,

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto e vixencia do convenio.-

a) Obxecto:

De conformidade co art. 25.2.e) da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia deste Concello a atención a persoas en situación o risco de exclusión social.

A asociación ACEESCA é unha entidade sen ánimo de lucro e de utilidade pública, que foi creada a iniciativa dun grupo de pais e nais no ano 1983 e ten como finalidade a atención e a promoción integral das persoas con discapacidade intelectual.

Que Aceesca constituíu unha compañía mercantil de sociedade limitada denominada Aceesca Empleo S.L co obxecto de favorecer a integración





Concello do Porriño

laboral das persoas con discapacidade intelectual sendo os seus servizos os de xardinería, produción de prantas e xestión de residuos.

No ano 2023 dita entidade cambiou a súa denominación pasando a chamarse na actualidade Lume Emprego para persoas con discapacidade intelectual, S.L. mantendo o mesmo CIF. É unha entidade declarada “sen ánimo de lucro” e calificada como centro especial de emprego pola Consellería de Traballo co nº 104 Gz.

Para a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual é preciso dispoñer dunha unidade de apoio para que a incorporación laboral se faga sen obstáculos e permaneza e progrese no tempo.

Polo que é obxecto do presente convenio o apoio económico para fomentar a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual, contribuíndo aos gastos derivados da súa contratación e do persoal de apoio necesario para garantir o éxito das insercións laborais.

Vixencia:

Os gastos derivados das accións promovidas deberán desenvolverse ao longo do actual exercicio orzamentario 2024, sen lugar a prórroga, establecéndose como data límite para a presentación da conta xustificativa o día 2 de decembro, polo que as facturas e demais acreditación que integren esta conta deberán estar emitidas durante o presente ano 2024.

TÍTULO II

BENEFICIARIO.- DEREITOS E OBRIGAS.

ARTIGO 2. Dereitos e Obrigas do beneficiario.

A entidade ten dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licencias, etc.).

Son obrigas do beneficiario:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberá renunciar a ela de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
3. Cumprir todas as condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
4. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando canta información que sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.





5. Dar conta ó Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándolas adecuadamente.
6. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
7. Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
9. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
10. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
11. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN PARTICULARES.

ARTIGO 3. Relacións laborais.

A entidade será responsable da relación laboral do persoal que contrate para a realización do proxecto. Así mesmo, deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal da entidade, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle ao beneficiario , si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

ARTIGO 4. Difusión do acordo.





Concello do Porriño

A entidade fará constar do xeito máis amplío posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis, edicións ou calquera medio de difusión o acordo con esta institución.

ARTIGO 5. Seguros civís .

A entidade queda na obriga, de ser necesario, de ter os seguros civís que esixa a normativa vixente. O concello poderá, si así o estima oportuno, facer as comprobacións pertinentes a este respecto e solicitar copia de ditos documentos.

TÍTULO IV

GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO.

ARTIGO 6. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido no presente convenio. Para elo, a xustificación presentada pola entidade corresponderáse con facturas e nóminas do persoal contratado para levar a cabo a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual.

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

Segundo o establecido no art. 31.2 de la Lei Xeral de Subvencións, e aos efectos da presente subvención, se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

ARTIGO 7.- Importe e imputación orzamentaria.

O Concello comprométese a conceder directamente a ACEESCA EMPREGO SL unha subvención por importe de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria nominativa 241.4800000 do vixente orzamento municipal.

ARTIGO 8. Xustificación.





A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da **conta xustificativa**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquer outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será a do día **2 de decembro de 2024. Non obstante, poderá ser presentada en calquera momento, unha vez rematadas as actividades obxecto de subvención.**

A conta xustificativa estará formada pola seguinte documentación:

A) Memoria de actuacións:

Consistirá nun resumo das actividades realizadas, resultados obtidos, número de participantes, reportaxes fotográficos e todos aqueles documentos que contribúan a acreditar a realización do proxecto presentado.

B) Memoria económica:

1. Escrito de presentación da conta xustificativa e relación exhaustiva das facturas que se acompañan, detallando, provedor, nº de factura, data, concepto e importe con suma total final.

2. Documentación acreditativa do pago de cada unha das facturas ou nóminas aportadas na conta xustificativa.

Contido das facturas. O contido das facturas se axustará ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número, e no seu caso serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española o, no seu caso, pola de outro estado membro da Unión Europea del que ha realizado la operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva do Imposto e o





Concello do Porriño

seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Documentación acreditativa do pago:

Consistirá na aportación, xunto con cada factura ou nómina, de copia da transferencia bancaria efectuada, único sistema de pago válido para o presente convenio.

3. Presentaranse certificados actualizados da inexistencia de débedas tributarias con facenda estatal, seguridade social e consellería de economía e facenda. (Estes certificados teñen unha validez de seis meses). Tamén poden optar por solicitar que o comprobe o Concello de oficio, quedando expresamente autorizado pola sinatura do presente convenio para dita consulta.

4.- Deberá achegarse escrito no que se reflicte que ditas facturas non foron entregadas en ningún organismo oficial de cara a obtención de novas subvencións e que as mesmas somente foron entregadas no Concello do Porriño.

5.- Deberá achegarse copia de toda a publicidade xerada na que conste o patrocinio do Concello no desenvolvemento da acción obxecto de subvención.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos.

ARTIGO 9. Pago.

Antes de proceder ao pagamento da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar mediante declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- a) Á sinatura do convenio realizarase un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado que supón a cantidade de 8.000 euros, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Esta porcentaxe está dentro dos límites que establecen para esta modalidade de pagos nas bases de execución municipal.

Este pago anticipado efectuado sobre o importe total subvencionado, abonaráselle a petición da asociación, mediante solicitude presentada no Concello e a que se achegará a unha declaración responsable de non incorrer en ningunha das





Concello do Porriño

prohibicións ou circunstancias sinaladas no artigo 34 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Non se establece ningún réxime de garantías respecto a este pago a conta.

b) O importe restante de 2.000,00 euros (20%) abonarásen unha vez presentada por parte da asociación a conta xustificativa comprensiva da totalidade do importe subvencionado, fiscalizada polo servizo de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.

TÍTULO V

COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

ARTIGO 10.- Comisión Mixta.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes da Entidade beneficiaria da subvención e dous representantes municipais, actuando como presidenta da mesma a Concelleira/delegada de educación. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran plantexarse durante o desenvolvemento do convenio.

TÍTULO VI

PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

ARTIGO 11. Reintegro.

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 da Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ó procedemento establecido no artigo 42 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá os catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da Lei.

TÍTULO VII





Concello do Porriño

INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 12. Infraccións e Sancións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

No caso de incumprimento por parte da asociación dos artigos deste convenio, ben por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro da cantidade a conta recibida.

Asdo.: María Luz Fernández Grandal
Dolores Muñiz Sanin.

Administradoras mancomunadas,

(asinado dixitalmente á marxe polo Sr. Alcalde-presidente)

